



Contratación

Asunto: Informe de valoración das ofertas técnicas presentadas ao procedemento aberto con varios criterios de valoración para a contratación dun servizo para o estudo dun perfil de públicos dos centros, servizos e programacións culturais do Concello da Coruña

Conforme a acta da Mesa de Contratación de 30 de maio de 2017, presentáronse as seguintes proposicións técnicas ao procedemento aberto para a contratación dun servizo para o estudo dun perfil de públicos dos centros, servizos e programacións culturais do Concello da Coruña:

Un.	Ceo Solutions, S.L.
Dous.	Instituto Sondaxe, S.L.
Tres.	Crono Servicios Sociales, S.L.
Catro.	Cidadanía Rede de Aplicacións Sociais, S.C.G.
Cinco.	Areté Gestión de Personas
Seis.	Estratexia Plus, S.L.
Sete.	Telecyl, S.A.
Oito.	Ideara, S.L.
Nove.	More Than Research, S.L.

Os criterios para a adxudicación deste procedemento previstos no prego de cláusulas administrativas particulares son:

- Mellor oferta económica: ata 50 puntos
- Proposta técnica de realización dos traballos: ata 40 puntos

A continuación exponse a valoración, debidamente motivada, das propostas técnicas de realización dos traballos de cada unha das nove ofertas presentadas e admitidas.

Propostas técnicas de realización dos traballos

O prego de cláusulas administrativas particulares establece que se valorarán as propostas técnicas, incluíndo tamaño da mostra, procedemento de muestreo, metodoloxía para a recollida dos datos e proposta para a súa explotación, con atención a súa calidade, coherencia, fiabilidade e adecuación ao cumprimento dos obxectivos establecidos no prego de prescripcións técnicas. A puntuación técnica mínima para poder optar á adxudicación será de 20 puntos.

Do estudo das diferentes propostas conclúese que dúas delas, as presentadas por Crono Servicios Sociales, S.L. e Areté Gestión de Personas non alcanzan a puntuación técnica mínima para poder optar á adxudicación. No caso de Crono Servicios Sociales, S.L., a proposta técnica presentada non especifica cal será o procedemento de muestreo a empregar, non determina de forma unívoca cal será a metodoloxía de recollida de datos entre as cinco propostas (enquisa a pé de rúa, enquisa nas instalacións diana, depósito de cuestionarios nos centros, enquisa telefónica e enquisa vía web) e a proposta de explotación de datos resulta pobre, ao non ir mais aló da estatística descriptiva.



No caso de Areté Gestión de Personas, tampouco se especifica o procedemento de muestreo a empregar –aínda que se deduce que poida ser un muestreo aleatorio simple- e a proposta de explotación de datos limitase a estatística descriptiva e á análise bivariante (regresión e correlación). Propónse a realización da recollida de datos en espazos públicos, durante un período de 10 días. Porén, esta metodoloxía non garante que as enquisas se realicen efectivamente a usuarios/as da rede de centros e programacións culturais, senón que abre a participación ao conxunto da poboación, con independencia de que sexa actualmente usuaria ou non. A diferenza na puntuación outorgada con respecto a Crono Servicios Sociales, S.L. ven motivada polo detalle dos ítems e cuestionarios a utilizar.

Das restantes propostas técnicas, considérase que as que ofertan unha maior calidade, coherencia, fiabilidade e adecuación ao cumprimento dos obxectivos establecidos no prego de prescricións técnicas son as presentadas por Instituto Sondaxe, S.L. e Telecyl, S.A. Ambas proposicións ofertan o maior número de enquisas a realizar (2968, no caso de Instituto Sondaxe, S.L. e 3000, no caso de Telecyl, S.A.), propoñen un muestreo aleatorio simple estratificado (no caso de Instituto Sondaxe, S.L. especificábase o número de enquisas e de tomas a realizar en cada centro), un sistema de recollida de datos mediante entrevista persoal asistida por ordenador, a realizar nos centros culturais, e unha explotación dos datos que complementa a análise descriptiva e bivariante coa utilización de técnicas de análise multivariante (análise cluster e factorial) para a identificación de perfís de usuarios/as. A pesar da pequena diferenza en favor de Telecyl, S.A. en relación co número de enquisas a realizar, considérase que a proposta de número de tomas a realizar e da secuenciación das mesmas que oferta Instituto Sondaxe, S.L. concédelle un maior valor.

Por detrás destas dúas proposicións técnicas situáranse as presentadas por Cidadanía Rede de Aplicacións Sociais, S.C.G. e Estratexia Plus, S.L. Cidadanía Rede de Aplicacións Sociais, S.C.G. propón a utilización dun sistema de muestreo polietápico, cunha distribución inicial da muestra por centros e programacións e unha selección posterior dos individuos mediante un sistema aleatorio combinado por cotas de xénero e idade. Tanto este sistema de muestreo, como a proposta de estruturación das variables a analizar –coa introdución de módulos específicos por disciplinas artísticas- supoñen unha mellora con respecto ao ofertado por Instituto Sondaxe, S.L. e Telecyl, S.A. Porén, Cidadanía Rede de Aplicacións Sociais, S.C.G. ofrece a realización de 2400 enquisas e non contempla a utilización dun sistema de entrevistas asistidas por ordenador. Por este motivo, considérase que a puntuación outorgada debe ser lixeiramente inferior á concedida a Instituto Sondaxe, S.L. e Telecyl, S.A.

Pola súa parte, Estratexia Plus, S.L. oferta a realización de 2600 enquisas mediante un muestreo aleatorio por conglomerados. Oferta, ademais, a realización dunha serie de traballos de análise documental e análise cualitativo que non forman parte do obxecto do contrato e que, polo tanto, non son obxecto de valoración. Ao igual que Instituto Sondaxe, S.L. e Telecyl, S.A. propón un sistema de recollida de datos mediante entrevista persoal asistida por ordenador, a realizar nos centros culturais, e unha explotación dos datos que complementa a análise descriptiva e bivariante coa utilización de técnicas de análise multivariante (análise cluster e compoñentes principais) para a identificación de perfís de usuarios/as. Resulta de interese a proposta que realiza de aplicar a análise de importancia-valoración para o estudo dos resultados obtidos en relación coa valoración da satisfacción co servizo. Porén, dada limitación no número de enquisas a realizar e a escasa información recollida sobre o número de tomas a realizar



e sobre as variables a analizar, considérase que a puntuación outorgada debe ser lixeiramente inferior á concedida a Instituto Sondaxe, S.L. e Telecyl, S.A.

Por último, as proposicións técnicas presentadas por Ceo Solutions, S.L, Ideara, S.L. e More Than Research, S.L. presentan diferentes limitacións que as sitúan a un nivel inferior de calidade, coherencia, fiabilidade e adecuación ao cumprimento dos obxectivos establecidos no prego de prescricións técnicas. No caso de Ceo Solutions, S.L, estas limitacións refírense a ausencia de información sobre a sistemática de tratamento e explotación dos datos obtidos, que impide coñecer que tipo de análises estatísticas se van realizar. No caso de More Than Research, S.L. refírese a ausencia de información sobre o sistema de muestreo e a metodoloxía para a recollida de datos, mais aló da utilización de entrevistas persoais asistidas por ordenador, a realizar nos centros. Considérase que esta limitación é de menor importancia que a que presenta a oferta de Ceo Solutions, S.L.

Pola súa parte, a proposición técnica presentada por Ideara, S.L. é correcta no relativo á definición das variables e ítems a analizar, así como na metodoloxía de explotación dos datos, pero presenta varios erros na formulación e no enfoque que a penalizan. Entre estes erros estarían as contradicións no número de enquisas a realizar (2400 ou 2600), a proposta de realizar entrevistas a persoas de 14 e 15 anos (cando a idade mínima establecida é de 16) e, sobre todo, o feito de que propoña a realización de ata dúas enquisas por persoa e propoña un enfoque dirixido á avaliación de eventos concretos, e non de centros, servizos e programacións, tal como se solicita.

En base as anteriores consideracións, o desglose das puntuacións asignadas as propostas técnicas presentadas polo diferentes licitadores son as que se relacionan no seguinte cadro:

	Empresa	Total
1º	Ceo Solutions, S.L.	25
2º	Instituto Sondaxe, S.L.	36
3º	Crono Servicios Sociales, S.L.	10
4º	Cidadanía Rede de Aplicacións Sociais, S.C.G.	33
5º	Areté Gestión de Personas	14
6º	Estratexia Plus, S.L.	33
7º	Telecyl, S.A.	35
8º	Ideara, S.L.	25
9º	More Than Research, S.L.	28

A Coruña, 28 de junio de 2017

A xefa do Departamento de Promoción Cultural,

Susana Martínez Portabales